

PROXECTO EDUCATIVO

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Educación Infantil

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.
2. DISTRIBUCIÓN DE FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES RESPECTO Á ACCIÓN TITORIAL.
 - 2.1. Funcións de titoras e titores.
 - 2.2. Funcións da xefatura de estudos.
 - 2.3. Responsabilidades de todo o profesorado.
 - 2.4. Actuacións de apoio do departamento de orientación:
 - 2.4.1. Respecto ao profesorado.
 - 2.4.2. Respecto ás familias.
 - 2.4.3. Respecto ao alumnado.
 - 2.4.4. Respecto ao equipo directivo.
 - 2.4.5. Respecto a outros equipos e institucións.
3. ASPECTOS ORGANIZATIVOS:
 - 3.1. Coordinación.
 - 3.2. Comunicación coas familias.
4. OBXECTIVOS.
5. CONTIDOS.
6. METODOLOXÍA.
 - 6.1. Principios xerais.
 - 6.2. Estratexias e técnicas docentes.
 - 6.3. Secuencia de actividades (temporalizadas).
 - 6.4. Materiais.
7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.
 - 7.1. Momentos.
 - 7.2. Niveis.
 - 7.3. Instrumentos.
 - 7.4. Criterios.
 - 7.5. Memoria

1. XUSTIFICACIÓN.

A función titorial é un labor pedagóxico encamiñado á titela, acompañamento e seguimento do alumnado coa intención de que o proceso educativo de cada alumna e alumno se desenvolva en condicións o máis favorables posible. A acción titorial en Educación Infantil configúrase, en maior medida que en Educación Primaria, como parte inseparable da educación que recibe o alumnado e va intimamente relacionada co carácter preparatorio, sistémico, lúdico e compensador de dita etapa.

A titoría é un recurso educativo ao servizo da aprendizaxe e, por iso, o noso Plan de Acción Titorial (PAT) trata de ser coherente cos principios e criterios educativos acordados no proxecto educativo do centro.

Entendemos a orientación e titoría do alumnado como unha tarefa de todo o profesorado e que, en consecuencia, abarca tanto actuacións que, con carácter máis específico, desenvolve o profesorado titor co seu grupo, coas familias e co resto do profesorado como aquelas outras que cada profesor e profesora levan a cabo na súa área para orientar e apoiar o proceso de aprendizaxe de cada un dos seus alumnos e alumnas.

En definitiva, a función titorial, para que sexa real e eficaz, debe ser cooperativa. Deben colaborar, en diferentes graos e maneiras, todos os membros da comunidade educativa (profesorado titor, equipo docente, departamento de orientación, equipo directivo, familias...).

As funcións de orientación e intervención deben desenvolverse no marco do currículo establecido. Dende esa concepción, titoría, orientación, apoio educativo e intervención psicopedagóxica especializada forman parte do currículo, entendido este como oferta educativa integral, dirixida a todos os aspectos da aprendizaxe e maduración da personalidade do alumnado.

É función do profesorado titor e, en xeral, é función da orientación educativa prestar particular atención a aqueles aspectos do currículo que deben formar parte da educación ordinaria, que corren perigo de quedar postergados e que, sen embargo, contribúen de modo decisivo á educación integral da persoa. Algo semellante hai que dicir das dimensións transversais do currículo: daqueles contidos curriculares que han de impregnar as distintas áreas/ámbitos. Polo seu carácter transversal a distintas materias do currículo, estas dimensións ou eixos teñen enorme potencial integrador de capacidades de distintos ámbitos e tamén teñen enorme poder personalizador, de educación integral da persoa.

Para o desenvolvemento do PAT contaremos coas seguintes ferramentas:

- a) O traballo do profesorado titor.

- b) A actuación coordinada do equipo de profesoras e profesores.
- c) O apoio do departamento de orientación.
- d) A coordinación do equipo directivo.
- e) A cooperación das familias.
- f) A colaboración con outras institucións (Servizos Sociais, Servizos Sanitarios, Equipo de Orientación Específico, ONGs...).

2. DISTRIBUCIÓN DE FUNCIONS E RESPONSABILIDADES RESPECTO Á ACCIÓN TITORIAL.

2.1. **Funcións de titoras e titores** (artigo 32, do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implanta e regulan os centros públicos integrados de ensino non universitario):

- a. Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos que proceda e en colaboración co departamento de orientación.
- b. Proporcionarlles no principio de curso, ao alumnado e aos pais e nais dos alumnos-as ou titores legais, así como ás persoas ou institucións que ostentan a garda e protección do menor, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c. Coñecer as características persoais de cada alumno-a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d. Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- e. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxectivo de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f. Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos-as do seu grupo.
- g. Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h. Orientar aos alumnos-as dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i. Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- l. Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos-as.
- m. De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.

- n. Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos, logo de audiencia dos seus pais ou titores legais.
- n. Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- o. Colaborar co departamento de orientación do centro nos términos que se establezan.
- p. Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco do proxecto educativo do centro.
- q. Orientar as demandas e inquietanzas do alumnado e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r. Informar ao alumnado, aos pais e nais ou representantes legais e ao profesorado de todo aquilo que lles afecta en relación coas actividades docentes e no rendemento académico, en especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- s. Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais dos alumnos ou representantes legais.
- t. Exercer a coordinación entre os membros do equipo docente.
- u. Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos-as.
- v. Controlar a falta de asistencia e puntualidade do alumnado e ter informados aos pais ou representantes legais e ao xefe de estudos que proceda.
- w. Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio o aprendizaxe e orientacións dos seus fillos.
- x. Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

2.2. **Funcións da xefatura de estudos:**

- a. Supervisar a elaboración do PAT e realizar propostas.
- b. Velar polo cumprimento da planificación consensuada e dos acordos tomados.
- c. Garantir a coordinación entre o profesorado titor e o departamento de orientación.

2.3. **Responsabilidades de todo o profesorado:** o profesorado deberá contribuír á acción titorial do seguinte xeito:

1. Titelando o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumna na súa área.
2. Atendendo ás súas necesidades educativas específicas.
3. Atendendo á formación integral do alumnado.
4. Preocupándose polas súas circunstancias persoais.
5. Facilitándolles a integración no grupo.
6. Favorecendo a súa autoestima.
7. Coordinándose co profesorado titor e aportándolle información e apoio.
8. Participando activamente nas actividades deseñadas no PAT, cando o titor/a o solicite.

2.4. Actuacións de apoio do departamento de orientación:

2.4.1. Respecto ao profesorado:

- Diseñar, coordinar e participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial (PAT), establecendo, en colaboración cos titores/as, os criterios xerais que deberán orientar o traballo que se realice ao longo do curso, segundo as necesidades existentes.
- Facilitar os recursos e asesoramento necesarios a cada titor para o desenvolvemento do PAT e intervir directamente cando sexa solicitado.
- Colaborar no seguimento, avaliación e revisión do PAT, como instrumento dunha educación de calidade.
- Colaborar no seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Asesorar sobre o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- Participar no proceso de avaliación: inicial, continua e final.
- Promover a formación do profesorado mediante a autoformación e a participación en actividades de formación planificadas.

2.4.2. Respecto ás familias:

- Cooperar na relación titores/as-familias para a solución de problemas que afecten aos seus fillos e fillas.
- Potenciar actividades formativas dirixidas ás familias.
- Informar, asesorar e orientar en relación con distintos aspectos do proceso educativo e do desenvolvemento dos fillos (dificultades na alimentación, sono, problemas conduta...).
- Orientalas, de forma individual ou colectiva, para que asuman responsablemente o coidado e educación das súas fillas e fillos.

2.4.3. Respecto ao alumnado:

- Facer un seguimento do plan de adaptación para nenos e nenas de 3 anos, avaliando tamén a grao de satisfacción e implicación das familias e o profesorado.
- Orientar e coordinar as actividades de acollida facilitando a integración e fomentando a participación.
- Participar na prevención e detección de dificultades na aprendizaxe e no desenvolvemento.
- Orientar e asesorar sobre as capacidades persoais e aptitudes do alumnado.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que sexan necesarias e propor medidas educativas para dar resposta ás necesidades identificadas.
- Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo.

2.4.4. Respecto ao equipo directivo:

- Colaborar na planificación e seguimento dos procesos para optimizar o desenvolvemento educativo no centro.
- Planificar e organizar a temporalización de actividades e espazos para o desenvolvemento do PAT.

2.4.5. Respecto a outros equipos e institucións:

- Coordinarse cos departamentos de orientación dos centros cercanos.
- Informar sobre iniciativas educativas, sociais e sanitarias.
- Facilitar a intervención doutras persoas da comunidade educativa ou alleas, en fases concretas do plan, para abordar aspectos especializados.

3. ASPECTOS ORGANIZATIVOS.**3.1. Coordinación:**

Para o desenvolvemento efectivo do PAT cómpre que exista unha coordinación real a distintos niveis:

- Entre o profesorado titor e o equipo docente do seu grupo.
- Entre a persoa orientadora e a xefatura de estudos.
- Entre a persoa orientadora e os titores e titoras de cada nivel.
- Entre o equipo docente e a persoa orientadora, cando se estime oportuno ou a situación o requira.

Estas coordinacións levaranse a cabo a través de reunións periódicas das persoas implicadas. Sempre que sexa posible, as reunións quedarán fixadas no horario individual. De non haber coincidencia horaria buscaranse outras alternativas (recreos, gardas...).

A coordinadora de ciclo, como membro do departamento de orientación, actuará como canal de comunicación entre o departamento de orientación e o resto do profesorado desta etapa.

Ao longo do curso, a xefatura de estudos e a persoa orientadora irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan para introducir os axustes necesarios.

3.2. Comunicación coas familias:

1. No mes de outubro cada titor/a manterá unha reunión informativa coas familias do alumnado do seu grupo, para informarlles sobre o funcionamento xeral do centro e das características do grupo-clase no que están escolarizados os seus fillos e fillas
2. Disporán dunha hora semanal para atender individualmente ás familias co fin de responder ás súas demandas, intercambiar información sobre aspectos que resulten relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe, promover a cooperación na tarefa educativa e acadar compromisos mutuos.
3. Coas familias do alumnado de tres anos seguirase o procedemento establecido no plan de adaptación.

4. OBXECTIVOS.

OBXECTIVOS XERAIS		OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado.	CRECER	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorecer o desenvolvemento adecuado da identidade persoal, o autoconcepto e a autoestima. ▪ Fomentar a autonomía persoal. ▪ Sensibilizalos sobre a importancia de expresar os seus sentimentos, así como de entender e respectar os sentimentos dos demais.
	RELACIONARSE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Facilitar a integración do alumnado no centro e no grupo-clase. ▪ Contribuír á socialización do alumnado e promover actividades que fomenten a convivencia. ▪ Impulsar a participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares.
Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.	PENSAR	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver a capacidade de pensar, de aprender a aprender. ▪ Reforzar habilidades cognitivas básicas. ▪ Motivar ao alumnado cara á actividade escolar. ▪ Contribuír á individualización e personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe. ▪ Realizar un seguemento dos procesos de aprendizaxe do alumnado para prever e detectar dificultades e necesidades especiais co fin de elaborar resposas educativas axeitadas, recabando, se cómpre, os oportunos asesoramentos e apoios.
Coordinar as accións do equipo docente.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Promover e coordinar o axuste das programacións ás necesidades educativas do alumnado. ▪ Coordinar a acción dos profesionais que participen na intervención educativa co alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo. ▪ Colaborar e establecer liñas comúns de acción co resto do profesorado

	<p>titor, no marco do proxecto educativo do centro.</p>
<p>Orientar ás familias no seu labor educativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contribuír ao establecemento de relacións fluídas coas familias. ▪ Coordinar as actividades educativas familia-escola. ▪ Fomentar a súa participación nas actividades propostas polo centro. ▪ Proporcionarlles información sobre a evolución dos seus fillos e fillas, as decisións adoptadas e sobre calquera outro tema relacionado coa súa educación. ▪ Asesorarlles ante conflitos ou situacións problemáticas que poidan ter con seus fillos e fillas. ▪ Solicitalles colaboración nas actividades de reforzo e apoio escolar que, no seu caso, sexan necesarias para os seus fillos e fillas. ▪ Informarlles sobre o funcionamento do centro, en especial ás familias do alumnado de novo ingreso.

5. CONTIDOS.

A proposta de actuacións deixa aos titores/as unha ampla marxe de autonomía co fin de que poidan axustarse á realidade de cada grupo e ás características individuais do alumnado. En calquera momento pode ser preciso reaxustar as actividades preparadas para atender á problemática e natureza concreta de cada grupo. Deste xeito, os titores/as deixan de ser meros executores dun plan previamente establecido e pasan a ter un papel activo nas decisións relativas aos obxectivos e contidos planificados. Como punto de partida establécense tres bloques de contidos para traballar co alumnado:

CRECER	<ul style="list-style-type: none"> – Identidade. – Autonomía. – Contorno. – Hábitos sanos (alimentación, hixiene e coidado do corpo). – Educación emocional. 	<ul style="list-style-type: none"> – Educación para a saúde. – Educación sexual.
RELACIONARSE	<ul style="list-style-type: none"> – Actitudes. – Normas. – Habilidades de relación social. 	<ul style="list-style-type: none"> – Educación moral e cívica. – Educación ambiental. – Educación do consumidor. – Educación para a paz. – Educación par a igualdade de oportunidades de ámbolos dous sexos. – Educación vial.
PENSAR	<ul style="list-style-type: none"> – Motivación. – Habilidades cognitivas básicas: atención, memoria, percepción, orientación espacial, razoamento lóxico... 	

6. METODOLOXÍA.

6.1. Principios xerais:

A metodoloxía que utilice o profesorado titor debe ser activa e participativa para o alumnado e empregar diferentes métodos, técnicas e recursos pedagóxicos.

Á hora de seleccionar os diferentes métodos e técnicas que se van utilizar deben terse presentes os seguintes principios metodolóxicos:

- Significatividade: partir das ideas previas do alumnado.
- Funcionalidade: buscar aprendizaxes útiles para a vida e que estean conectados co seu contorno inmediato tanto familiar como escolar.
- Constructividade: favorecer que constrúan os seus propios coñecementos, para iso débese desenvolver a “Zona de Desenvolvemento Próximo”.
- Interactividade nunha dobre dirección: favorecer as relacións con outros compañeiros de clase ou do centro, e a relación alumnado- profesorado e diferentes membros da súa familia.
- Flexibilidade: tanto nos métodos a empregar como nas actividades.
- Individualización: adaptarse ás súas características persoais.
- Mediación: darlles a axuda necesaria para que podan aprender eles mesmos.
- Aprender a aprender: proporcionarlles estratexias para que podan aprender pos sí sós, coñocer o contorno inmediato e desenvolverse nel de forma integral.
- Globalidade.

6.2. Estratexias e técnicas docentes:

Con carácter xeral a estratexia principal é actuar como facilitador: da comunicación entre familias e centro, dos procesos de aprendizaxe do alumnado...

Tratará de facerse un tratamento personalizado, promovendo a atención individual ao alumnado que o necesite. Dende a titoría potenciarase o coñecemento do alumnado a través de: revisión de expedientes, reunións de equipos docentes...

Ademais da intervención directa, o Departamento de Orientación facilitará todo o material necesario para desenvolver este plan, así como o asesoramento e coordinación que sexan necesarios.

6.3. Secuencia de actividades:

NÚCLEO DE ACTIVIDADES	ACTIVIDADES CO ALUMNADO	MES
Acollida e integración	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Período de adaptación para o alumnado de 3 anos (ver plan de adaptación). ▪ Coñecemento do titor/a e dos compañeiros/as. ▪ Dependencias e servizos. ▪ Aula: espazos e materiais. 	setembro
Organización e funcionamento do grupo-clase	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Agrupamento do alumnado. ▪ Normas de clase. A asamblea. ▪ Adquisición das primeiras responsabilidades e hábitos. 	setembro
Avaliación do alumnado e detección de necesidades	<p>1.- Avaliación inicial:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Para o alumnado de nova incorporación cubrirase a ficha de avaliación inicial. ▪ Para o resto do alumnado: recollida de información sobre datos persoais e familiares, características persoais, rendemento, nivel de competencia curricular, posibles necesidades específicas de apoio educativo, dificultades de adaptación... Dita información extraerase da revisión do expediente (ficha de avaliación inicial ao comezo da etapa, entrevista coa familia, informes médicos e/ou psicolóxicos) e da información aportada polo profesorado de cursos anteriores. Así mesmo, a orientadora informará sobre aqueles alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo. 	1º trimestre
	<p>2.- Avaliación continua.</p>	Todo o curso
	<p>3.- Avaliacións psicopedagóxicas e proposta de medidas de atención á diversidade.</p>	Con carácter xeral, de novembro a abril
Actividades extraescolares e complementarias.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Agosto. ▪ Día da paz. ▪ Entroido. ▪ Semana da prensa. ▪ Día do libro. ▪ Día de Europa. ▪ Semana das letras galegas. ▪ Festival de fin de curso. ▪ Excursión fin de curso. ▪ Actividades relacionadas con música, teatro... (a determinar en cada curso académico). 	todo o curso
Desenvolvemento de habilidades	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Creceer/relacionarse/pensar (ver materiais). ▪ Proxecto lector. 	

NÚCLEO DE ACTIVIDADES	ACTIVIDADES COAS FAMILIAS	MES
Participación das familias	<p>1.- Acollida:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Entrevista individual coa familia do alumnado de novo ingreso para conseguir o maior grado de información sobre o alumno/a e a súa familia. ▪ Reunión inicial colectiva coas familias co fin de informalas sobre as normas que deberán ter en conta durante o curso, facendo especial fincapé na necesaria e progresiva autonomía e responsabilidade dos seus fillos/as nos hábitos de hixiene, comida, vestido, xogo... ▪ As actuacións específicas coas familias do alumnado de 3 anos aparecen recollidas no plan de adaptación. 	setembro
	<p>2.- <u>Actuacións posteriores:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Contactos periódicos coas familias a través de entrevistas individuais para a obtención de información sobre o alumno/a. ▪ Contacto máis frecuente coas familias do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo. ▪ Organización de actividades complementarias nas que participe a familia: entroido, magosto... ▪ Boletíns informativos trimestrais. ▪ Colaboración coa ANPA. 	todo o curso

NÚCLEO DE ACTIVIDADES	ACTIVIDADES CO PROFESORADO	MES
Coordinación da función docente	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reunións periódicas do profesorado do mesmo e de distinto curso dentro da etapa para intercambiar información, avaliar o proceso e programar novas actividades. ▪ Colaboración co departamento de orientación na detección de dificultades de aprendizaxe ou do desenvolvemento e na aplicación e seguimento dos programas de reforzo ou das adaptacións curriculares. ▪ Realización do informe individualizado, por parte do equipo de profesores/as ao final do ciclo/etapa. 	<p>todo o curso</p> <p>xuño</p>

6.4. **Materiais:**

BLOQUES TEMÁTICOS	BIBLIOGRAFÍA		
	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
CRECER	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PASO A PASO. 3 años. M^a Jose Marrodan. ICCE. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PASO A PASO. 4 años. M^a Jose Marrodan. ICCE. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PASO A PASO. 5 años. M^a Jose Marrodan. ICCE.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EDUCACIÓN EMOCIONAL. Èlia López Cassà. Praxis 		
RELACIONARSE	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CRECER Y APRENDER HABILIDADES SOCIALES Y EMOCIONALES. 3 años. Margarita Vidal. ICCE. ▪ VALORANDIA 1. Esther Díez. CCS. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CRECER Y APRENDER HABILIDADES SOCIALES Y EMOCIONALES 4 años. Margarita Vidal. ICCE. ▪ VALORANDIA 2. Esther Díez. CCS. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CRECER Y APRENDER HABILIDADES SOCIALES Y EMOCIONALES 5 años. Margarita Vidal. ICCE. ▪ VALORANDIA 3. Esther Díez. CCS.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA ASAMBLEA DE CLASE. Gil Cabrera e outros. Praxis. ▪ CUENTOS PARA PORTARSE BIEN EN EL COLEGIO. Jarque García Jesús. CSS. ▪ CUENTOS PARA APRENDER A COMPORTARSE. Arriaza Mayas, J.C. e Guerrero Ruiz Leonor. CEPE. 		
PENSAR	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CRECER Y APRENDER. CAPACIDADES COGNITIVAS. 3 años. Margarita Vidal. ICCE. ▪ CRECER Y APRENDER. ESTRATEGIAS DE APREDIZAJE. 3 años. Margarita Vidal. ICCE. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CRECER Y APRENDER. CAPACIDADES COGNITIVAS. 4 años. Margarita Vidal. ICCE. ▪ CRECER Y APRENDER. ESTRATEGIAS DE APRENDIZAJE. 4 años. Margarita Vidal. ICCE. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CRECER Y APRENDER. CAPACIDADES COGNITIVAS. 5 años. Margarita Vidal. ICCE. ▪ CRECER Y APRENDER. ESTRATEGIAS DE APRENDIZAJE. 5 años. Margarita Vidal. ICCE.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ APRENDER A PENSAR DESARROLLANDO MI INTELIGENCIA. Varios. ICCE 		

* LA TUTORIA EN EDUCACION INFANTIL
LAURA MENDEZ ZABALLOS. PRAXIS

* ¡MOS IR A ESCOLA!
COLECTIVO MONTBEL. PRIMERA PERSONA

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

7.1. Momentos:

A avaliación do PAT levarase a cabo en dous **momentos** diferenciados:

- Unha avaliación continua, formativa e orientadora durante a posta en marcha das actividades, o que permitirá a modificación daquelas actividades que resulten nalgunha medida inadecuadas.
- Unha avaliación final ao rematar o curso. As conclusións obtidas desta avaliación serán tidas en conta para introducir posibles modificación e axustes no PAT para os cursos seguintes.

7.2. Niveis:

Na avaliación participarán tódolos axentes implicados: profesorado, familia, alumnado, departamento de orientación e equipo directivo.

7.3. Instrumentos:

Os instrumentos que se empregarán para a recollida de datos serán variados: entrevistas, intercambios orais, escalas e cuestionarios....

7.4. Criterios:

Os criterios de avaliación deberán referirse aos obxectivos específicos e terán en conta:

- A adecuación dos obxectivos propostos ás necesidades do centro e do alumnado.
- Logros acadados en relación aos obxectivos propostos.
- O nivel de participación e satisfacción nas actividades programadas.
- A asistencia ás reunións e entrevistas.
- A adecuación das actividades ás necesidades e intereses do grupo.
- A utilización de recursos variados e motivadores.
- A adecuación da temporalización das actividades.
- A adecuación dos materiais empregados.

7.5. Memoria :

Ao finalizar o curso escolar o departamento de orientación elaborará unha memoria final sobre o desenvolvemento do plan de acción titorial. Dita memoria consistirá nunha síntese da reflexión realizada polo profesorado implicado, sobre os logros acadados, as dificultades atopadas, os factores que puideron influir e, se é o caso, os aspectos que será necesario modificar no PAT.

Para a súa elaboración as titoras e titores aportarán o seu punto de vista, tanto nas reunión de coordinación nas que se aborde este aspecto como a través da memoria de cada ciclo.

Cada titor e titora indicará as principais tarefas realizadas, analizará e valorará o traballo realizado, os obxectivos alcanzados e as dificultades atopadas.